

Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALVATERRA DE MIÑO**Ordenanzas e Regulamentos**

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE A CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

O Pleno do Concello de Salvaterra de Miño, na sesión extraordinaria e urxente, que tivo lugar o día 02 de novembro de 2021, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre a Circulación de Vehículos de Tracción Mecánica, mediante a modificación do artigo 3. EXENCIONES E BONIFICACIONES, engadindo un apartado 3.

En cumprimento do disposto no artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre a Circulación de Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Salvaterra de Miño, someteuse a información pública mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 221, de data 16 de novembro de 2021, e no diario "FARO DE VIGO", de data 10 de novembro de 2021, uns dos de maior tirada da provincia de Pontevedra, polo prazo de trinta días hábiles, iniciándose dita exposición pública o día 16 de novembro de 2021 e finalizando o día 30 de decembro de 2021 (ambos inclusive)

Unha vez finalizado o período de exposición pública e ao non presentarse reclamacións, reparos ou observacións dentro do prazo mencionado, enténdese definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre a Circulación de Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Salvaterra de Miño.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a continuación a publicar o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre a Circulación de Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Salvaterra de Miño, aprobadas polo Pleno do Concello de Salvaterra, na sesión extraordinaria e urxente, do día 02 de novembro de 2021, e que son as seguintes:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE A CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ARTIGO 3. EXENCIONES E BONIFICACIONES.

3. En virtude do artigo 95.6.a) e b) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozarán dunha bonificación na cota do imposto os seguintes vehículos, en función do carburante ou das características do motor do vehículo e a súa incidencia no medio ambiente:



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

3.1. Do 50% de bonificación cunha duración indefinida a partir do ano seguinte ao de primeira matriculación para os vehículos máis eficientes (distintivo ambiental etiqueta 0 emisións): eléctricos de batería (BEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV) cunha autonomía de 40 km ou vehículos de pila de combustible.

3.2. Do 50% de bonificación durante os 5 anos naturais posteriores ao de primeira matriculación para os seguintes vehículos (distintivo ambiental etiqueta eco): vehículos eléctricos enchufables con autonomía inferior a 40km, híbridos non enchufables (HEV), vehículos propulsados por gas natural e gas (GNC e GNL) ou gas licuado do petróleo (GLP)

Estas bonificacións deberán ser solicitadas polas persoas interesadas mediante instancia dirixida ao órgano competente, achegando o permiso de circulación e ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste apartado.

Os beneficios desta natureza solicitados antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza terán efectos para o período impositivo a que se refire a solicitude, sempre que na data da devindicación do tributo concorresen os requisitos legalmente esixibles para o seu disfrute.

Unha vez introducidas na Ordenanza as citadas modificacións, aprobadas polo Pleno na sesión do día 02 de novembro de 2021, que entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o texto refundido da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre a Circulación de Vehículos de Tracción Mecánica, publicada inicialmente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 221, de data 16 de novembro de 2021, queda como segue:

*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE A CIRCULACIÓN
DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA*

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

- Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade de vehículos de tracción mecánica, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

- Considérase vehículo apto para a súa circulación o que estivese matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

- Non están suxeitos a este imposto:

- a) Os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desa natureza.

- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica nos que a carga útil non sexa superior a 750 Kg.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:C4BYA73GYQSSDIQQ



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria a nome de quen figure o vehículo no permiso de circulación

ARTIGO 3. EXENCIONS E BONIFICACIÓNS.

1. Estarán exentos do imposto:

1.1 Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

1.2 Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Así mesmo, os vehículos dos Organismos Internacionais con sede ou oficina en España e os dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

1.3 Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en Tratados ou Convenios Internacionais.

1.4 As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou doentes.

1.5 Os vehículos para persoas de mobilidade reducida, entendendo por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 kg, e que, pola súa construción, non poida alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ó resto das súas características técnicas, equipararanse ós ciclomotores de tres rodas.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte. Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade cando esta última conste como condutor/a habitual na póliza do seguro do vehículo

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste epígrafe, terán a consideración de persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grao igual ou superior ó 33%.

1.6 Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

1.7 Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola

2. Gozarán dunha bonificación do 100 por 100 de cota do imposto:

2.1 Os vehículos con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

2.2 Os vehículos catalogados como “históricos” polo organismo competente.

3. En virtude do artigo 95.6.a) e b) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozarán dunha bonificación na cota do imposto os seguintes vehículos, en función do carburante ou das características do motor do vehículo e a súa incidencia no medio ambiente:

3.1. Do 50% de bonificación cunha duración indefinida a partir do ano seguinte ao de primeira matriculación para os vehículos máis eficientes (distintivo ambiental etiqueta 0 emisións): eléctricos de batería (BEV), eléctricos de autonomía estendida (REEV), eléctricos híbridos enchufables (PHEV) cunha autonomía de 40 km ou vehículos de pila de combustible.

3.2. Do 50% de bonificación durante os 5 anos naturais posteriores ao de primeira matriculación para os seguintes vehículos (distintivo ambiental etiqueta eco): vehículos eléctricos enchufables con autonomía inferior a 40km, híbridos non enchufables (HEV), vehículos propulsados por gas natural e gas (GNC e GNL) ou gas licuado do petróleo (GLP)

Estas bonificacións deberán ser solicitadas polas persoas interesadas mediante instancia dirixida ao órgano competente, achegando o permiso de circulación e ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste apartado.

Os beneficios desta natureza solicitados antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza terán efectos para o período impositivo a que se refire a solicitude, sempre que na data da devindicación do tributo concorresen os requisitos legalmente esixibles para o seu disfrute.

ARTIGO 4. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE EXENCIONS

Os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 da presente ordenanza aplicaranse de oficio agás excepción dos sinalados nos apartados 1.5, 1.7 e 2.2 que terán carácter rogado. Nestes últimos supostos actuarase da seguinte forma:

a) Para os supostos 1.5 e 2.2, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención ou bonificación correspondente indicando as características do vehículo, matrícula, e causa do beneficio, así como o cumprimento das restantes condicións a que se refire o artigo 4 en cada caso. En particular, para o outorgamento da exención prevista no parágrafo 2º do epígrafe 1.5,



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

do artigo 4, a vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo órgano competente xunto coa copia da póliza do seguro do vehículo onde constará aquel como condutor habitual. Para o caso de vehículos destinados a transporte de persoas con discapacidade, o suxeito pasivo do Imposto deberá aportar certificado de minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo coa ficha técnica do mesmo, onde figurará a adaptación daquel para o transporte de persoas con discapacidade.

b) No suposto do apartado 1.7 os interesados poderán presenta-la cartilla de inspección agrícola no momento da súa alta na Xefatura Provincial de Tráfico, obviando así o pagamento do imposto e a solicitude expresa de exención, sen prexuízo das facultades revisoras da Administración Tributaria.

A concesión de beneficios fiscais, a instancia dos suxeitos pasivos, fornecerá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude agás as presentadas no mes de xaneiro. Neste último caso, a concesión fornecerá efectos no mesmo exercicio.

ARTIGO 5. COTAS TRIBUTARIAS.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, de acordo coa Tarifa que contén o cadro seguinte.

Potencia e clase de vehículo	Cota
A) Turismos:	
-De menos de 8 cabalos fiscais	17,01
-De 8 até 11,99 cabalos fiscais	44,24
-De máis de 12 até 15,99 cabalos fiscais	93,00
-De 16 até 19,99 cabalos fiscais	115,70
-De 20 cabalos fiscais en adiante	144,05
B) Autobuses:	
-De menos de 21 prazas	107,76
-De 21 a 50 prazas	151,99
-De máis de 50 prazas	190,56
C) Camións:	
-De menos de 1.000 Kg. de carga útil	54,44
-De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	107,76
-De máis de 2.999 a 9.999 Kg. de carga útil	151,99
-De máis de 9.999 Kg. de carga útil	190,56



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

D) Tractores:	
-De menos de 16 cabalos fiscais	22,68
-De 16 a 25 cabalos fiscais	36,30
-De máis de 25 cabalos fiscais	107,76
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica	
-De menos de 1.000 e máis de 750 Kg. de carga útil	22,68
-De 1.000 a 2.999 Kg. de carga útil	36,30
-De máis de 2.999 Kg. de carga útil	107,76
F) Outros vehículos:	
-Ciclomotores	5,67
-Motocicletas até 125 c.c.	5,67
-Motocicletas de máis de 125 c.c. até 250 c.c.	10,21
-Motocicletas de máis de 250 até 500 c.c.	20,41
-Motocicletas de máis de 500 c.c. até 1.000 c.c.	39,70
-Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	78,26

ARTIGO 6. PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

1. O período impositivo coincide co ano natural agás no caso de primeira adquisición do vehículo en que comezará o 1º día do trimestre natural en que se produce dita adquisición.

2. O imposto devindicarase o 1º de xaneiro de cada ano agás que se trate de primeira adquisición en que se devindica o día de alta na Xefatura Provincial de Tráfico.

3. A cota do imposto é irredutible agás no caso de primeira adquisición, baixa definitiva ou baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo en que se prorrateará por trimestres naturais.

4. As alteracións no imposto consecuencia de transferencia ou cambio de domicilio fornecerán efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se produza a alteración no rexistro de Dirección Xeral de Tráfico.



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

ARTIGO 7. XESTION.

1. A Xestión, liquidación, inspección e recadación deste imposto corresponde ó Concello de Salvaterra de Miño sempre que o domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo pertenza ó termo municipal.

2. Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o imposto xestionarase mediante o sistema de padrón anual que se notificará de modo colectivo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación o imposto ingresarase polo sistema de autoliquidación. Esta formularase en impreso regulamentario, que facilita o Rexistro Xeral, con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

4. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma dos mesmos, sempre que altere a súa clasificación a efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa de ditos vehículos deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pagamento do último recibo presentado ó cobro do Imposto sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pagamento de tódalas débedas por dito concepto devindicadas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas.

Para estes efectos, entenderase que os recibos do exercicio corrente están ó cobro dende o 1 de xaneiro. Se a data en que o interesado debe formular a correspondente alteración é anterior ó período de cobranza do imposto, aquel realizará o ingreso correspondente ó exercicio ou parte deste, no caso de baixa definitiva, polo procedemento de autoliquidación.

Exceptúase da referida obriga de acreditación do pagamento do último recibo presentado ó cobro o suposto de baixas definitivas de vehículos con 15 ou máis anos de antigüidade.

As competencias que con relación ao Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica atribúense aos Concellos neste artigo exerceranse directamente por aqueles ou a través dos convenios ou outras fórmulas de colaboración que se celebren con calquera das Administracións Públicas nos termos previstos na Lei 7/1985, con aplicación de forma supletoria do disposto no título I da Lei 30/1992.

Así, o Concello de Salvaterra de Miño delega a xestión tributaria deste Imposto, voluntaria e executiva, no Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL) na forma prevista no Convenio de Colaboración de data 03 de xuño de 1996



Venres, 14 de xaneiro de 2022

Núm. 9

ARTIGO 8. INFRACCIONS E SANCIONS.

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIONS FINAIS.

1. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

As precedentes modificacións, entrarán en vigor o mesmo día da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Recursos procedentes:

Contra este acordo de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre a Circulación de Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Salvaterra de Miño, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderá interperse polos interesados recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), e todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Alcaldesa — Marta Valcárcel Gómez

Documento asinado dixitalmente á marxe.

